

## Mesa de traballo

### EXPERIENCIAS DE INTERVENCIÓN NO SECTOR COMERCIAL

---

#### *EN GALEGO, CON MOITO GUSTO, NO CONCELLO DE FERROL*

**Beatriz Bascoi Maceiras**  
SNL do Concello de Ferrol

O Consello Municipal da Lingua (CML) do Concello de Ferrol, órgano de consulta e asesoramento en política lingüística, acordou a comezos desta lexislatura impulsar o desenvolvemento do Plan de normalización lingüística, documento marco do que dispón Ferrol en materia de política lingüística. Este Consello funciona en dous grupos aos que se suman outras persoas que participaron no seu momento na elaboración do PNL; un grupo corresponde ao sector sociocultural e outro ao sector socioeconómico. Este último propuxo varios ámbitos como prioritarios para os anos 2009-2010, un deles o dos mercados municipais, ademais dos centros comerciais abertos e os servizos funerarios.

A partir de aquí o Concello de Ferrol impulsou a campaña *En galego con moito gusto*, co obxectivo de promover a presenza social do noso idioma nos tres mercados da cidade, que constitúen un dos ámbitos máis activos da vida cotiá de Ferrol. Do deseño das accións e do seu desenvolvemento encargáronse os representantes das asociacións de vendedores dos tres mercados ferroláns e o persoal dos departamentos municipais de Normalización Lingüística e de Mercados e Sanidade.

Procurouse, pois, que esta intervención nacese da participación activa e do compromiso dos seus destinatarios e, ao tempo, facerse eco da sensibilidade das moitas persoas que participaron na elaboración do Plan de normalización lingüística.

*En galego con moito gusto* foi a primeira intervención de dinamización da lingua nos mercados desde a área de Normalización Lingüística. Xurdiu para dinamizar os mercados de Ferrol a través do idioma, para darlle vida á lingua galega nos mercados. Partindo de que a lingua galega tivo tradicionalmente e ten un espazo de seu nos mercados de abastos e que cómpre facela visible, deseñouse unha campaña baseada nas relacións positivas entre o uso do galego e a mellora da calidade e do aspecto dos mercados, da imaxe, da información que reciben os usuarios, do trato, dos servizos cos que conta, así coma a súa asociación con mensaxes vinculadas á revalorización dos prestixiosos produtos propios e á ecoloxía.

Esta campaña de dinamización estivo nos mercados desde finais de outubro de 2009 ata xaneiro de 2010. Enchéronse os mercados dunha imaxe específica da campaña e de accións que perseguían como obxectivos, primeiro, que o uso do galego fose percibido por vendedores e compradores como algo positivo, que supón beneficios engadidos para os dous, e segundo, que as persoas que teñen o galego como lingua habitual a fagan visible nas súas relacións sociais neste ámbito.

Unha vez comentada a campaña e as súas accións, valoraremos os resultados da avaliación realizada entres os destinatarios, tanto vendedores como clientes, e as actividades puntuais que se levarán a cabo neste último trimestre de 2010 co fin de darlle unha certa continuidade á intervención neste ámbito desde a Administración municipal.